

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 8 DE ABRIL DE 2021,  
BAIXO A PRESIDENCIA DE  
ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Decreto polo que se regula o informe de avaliación dos edificios e se crea o Rexistro Galego de Informes de Avaliación dos Edifícios.

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: "Fomento da mobilidade sustentable. Senda na PO-313. Treito: Pardavila - Cadro. Puntos quilométricos 3+330 - 4+130", de clave: PO/17/057.06, no Concello de Marín (Pontevedra).

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural a igrexa de Santa Cruz, no termo municipal do Incio.

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público para o ano 2021 do persoal sanitario funcionario ao servizo da Comunidade Autónoma incluído no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas do persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma.
- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2021.

## **ACORDOS**

### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Catedral de Santiago para a mellora da atención aos peregrinos e visitantes, por importe total de cento sesenta e dous mil sesenta e catro euros con sesenta céntimos (162.064,60€).

### **CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Acordo polo que se dispón que cese Santiago Valencia Vila como presidente do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL).
- Acordo polo que se nomea presidente do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) a Tomás Otero Ferreiro.
- Acordo polo que se aproban as actuacións en materia de persoal para a xestión dos fondos de recuperación e resiliencia (FRR) e outros fondos europeos.

### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a contratación dos servizos para a realización da conservación ordinaria e vialidade invernal da rede autonómica de estradas de Galicia (Raega), clave: GA/20/145.02, por importe de cento trinta e tres millóns cincocentos dezaseis mil oitocentos setenta euros con trinta e sete céntimos (133.516.870,37€).
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello da Estrada para a execución da obra: Mellora do abastecemento aos núcleos de Tabeirós e Nigoí. A Estrada (Pontevedra), clave OH.236.1144, por importe de setecentos quince mil seiscentos sesenta e un euros con setenta e seis céntimos (715.661,76€), financiado no marco do eixe REACT UE do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia de COVID-19.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Avión para a conexión das redes de saneamento do Sifón e San Vincenzo co colector xeral de



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Avión. Concello de Avión (Ourense), susceptible de financiamento pola Unión Europea no marco do eixe REACT UE do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da Covid-19, por importe de cento oitenta e cinco mil euros (185.000€).

### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as Universidades da Coruña (UDC), Santiago de Compostela (USC) e Vigo (UVIGO) para proporcionar ao persoal investigador do Sistema universitario de Galicia (SUG) acceso a recursos de supercomputación, almacenamento de datos e comunicación, por un importe total de cincocentos setenta mil euros (570.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Asociación Amigos de la Ópera da Coruña para o desenvolvemento de actividades de difusión e promoción da música operística dentro da programación do Xacobeo 2021, por importe de douscentos mil euros (200.000 €); polo que se autorizan pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida e a exención de constituír garantía para os pagamentos anticipados.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Federación Galega de Bandas de Música para o desenvolvemento de actividades de promoción e difusión da música bandística dentro da programación do Xacobeo 2021, por importe de catrocentos mil euros (400.000 €); polo que se autorizan pagamentos anticipados ata o 90 % da subvención concedida e a exención de constituír garantía para os pagamentos anticipados.

### CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Emprego e Igualdade a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, a superar a porcentaxe en pagamentos anticipados e a eximir as entidades con ánimo de lucro da constitución de garantías para a solicitude de anticipos, con respecto ao proxecto da Orde pola que se establecen as bases reguladoras para as accións formativas do plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2021-2023, e se procede á súa primeira convocatoria para os exercicios 2021 e 2022. Importe total: corenta e catro millóns douscentos noventa mil douscentos sesenta e nove euros (44.290.269 €).



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención psicolóxica a mulleres e menores que sofren violencia de xénero, e complementariamente a outras persoas do seu contorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, e atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, por un importe de trescentos trinta e sete mil trinta e nove euros (337.039 €).

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cidadá de Loita contra a Droga da Coruña (Aclad), para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por importe dun millón seiscentos setenta e cinco mil catrocentas cincuenta e oito euros (1.675.458 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Ferrolá de Drogodependencias (Asfredo) para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por un importe de novecentos vinte e oito mil catrocentos trinta e cinco euros (928.435 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cruz Vermella de Lugo para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por un importe de seiscentos dezasete mil catrocentos euros (617.400 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cidadá de Loita contra a Droga, Alborada, para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

trastornos adictivos, por importe dun millón catrocentos noventa e un mil novecentos oitenta e seis euros (1.491.986 €).

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación "Monte do Gozo" para o desenvolvemento do programa terapéutico-educativo "Proxecto Home" de atención integral de persoal en risco e con trastornos adictivos da Comunidade Autónoma de Galicia e do Programa de tratamento e rehabilitación, en réxime de comunidade terapéutica, da dependencia alcohólica, por importe de novecentos corenta e seis mil cincocentos oitenta e nove euros (946.589 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación "Érguete" de Vigo, para o desenvolvemento do programas de incorporación social a pacientes con trastornos adictivos. Programa atención xurídico social, por importe de cento cincuenta mil seiscentos catro euros con dous céntimos (150.604,02 €).

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do desenvolvemento (Fademga Plena inclusión Galicia), para o financiamento do programa de atención a persoas con discapacidade e ás súas familias, e do mantemento de Fademga Plena Inclusión Galicia para o exercicio 2021. Importe: dous millóns catrocentos sesenta e oito mil oitocentos catorce euros (2.468.814€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami), para o financiamento do programa de atención a persoas con discapacidade e ás súas familias e do mantemento de Cogami e das súas entidades para o exercicio



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

2021. Importe: un millón trescentos dezaoto mil cento cincuenta e sete euros (1.318.157€).

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), para o financiamento de servizos especializados dirixidos a persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e do mantemento da federación para o exercicio 2021. Importe: setecentos cincuenta e nove mil oitocentos vinte e seis euros (759.826€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Down Galicia, para o financiamento de programas destinados ás persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual e ás súas familias e do mantemento da federación para o exercicio 2021. Importe: seiscentos noventa mil seiscentos oitenta e oito euros (690.688€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Autismo Galicia, para a promover a atención das persoas con trastornos do espectro autista e ás súas familias en Galicia e para o mantemento da federación e das entidades federadas no exercicio 2021. Importe: seiscentos setenta e cinco mil douscentos dez euros (675.210€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (Saúde Mental Feafes Galicia), para o financiamento dos programas dirixidos a persoas con enfermidade mental residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e o mantemento da entidade para o exercicio 2021. Importe: seiscentos trinta e cinco mil setecentos trinta e seis euros (635.736€).



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Asociacións de Atención ás Persoas con Parálise Cerebral e/ou Patoloxías Afíns (Aspace Galicia), para o financiamento do programa de promoción da autonomía persoal de persoas con parálise cerebral e do mantemento da entidade para o exercicio 2021. Importe: cincocentos trinta e oito mil douscentos cincuenta e sete euros (538.257€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace), para o financiamento de programas dirixidos a persoas con dano cerebral adquirido e do mantemento da Federación e das entidades federadas para o exercicio 2021. Importe: trescentos oitenta e nove mil seiscentos noventa e oito euros (389.698€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT), para contribuír ao financiamento dun servizo social comunitario específico de atención temperá a nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos e ás súas familias para o exercicio 2021. Importe: trescentos corenta e seis mil cincocentos euros (346.500€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación de Pais, Profesionais e Amigos das Persoas con Discapacidade Intelectual (Special Olympics Galicia), para o mantemento e a promoción da integración social dirixida ás persoas con discapacidade intelectual de Galicia e ás súas familias mediante a realización de actividades deportivas adaptadas, ocio, formativas e de promoción do voluntariado para o exercicio 2021. Importe: cento noventa e nove mil catrocentos corenta e tres euros (199.443€).



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzhéimer e outras Demencias (Fagal), para o financiamento dos programas de atención dirixidos a familiares de enfermos de alzhéimer residentes en Galicia e mantemento da federación para o exercicio 2021. Importe: oitenta e nove mil douscentos cincuenta euros (89.250€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación de Paraplégicos e Grandes Minusválidos de Galicia (Aspaym Galicia), para o financiamento do programa de atención dirixido ao colectivo de lesionados medulares residentes en Galicia e o mantemento da entidade para o exercicio 2021. Importe: corenta e cinco mil cento corenta e dous euros (45.142€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas (Fegerec), para o financiamento de actividades destinadas a mellorar a calidade de vida das persoas afectadas de enfermidades raras e crónicas e do mantemento da federación para o exercicio 2021. Importe: vinte e tres mil trescentos dez euros (23.310€).

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza á Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) da Consellería do Medio Rural a concesión de subvencións aos consellos reguladores das denominacións de calidade para financiar os seus gastos de funcionamento para o exercicio 2021, por un importe total de seiscentos mil euros (600.000 €).

## INFORMES

## VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Informe sobre as ordes de axuda para construción en madeira, formación e renovación tecnolóxica e segunda transformación e contract.
- Informe sobre a convocatoria de axudas a proxectos de mellora enerxética, dirixido a autónomos e pemes con actividade de comercio, hostalaría ou artístico-recreativas (Programa Bono Enerxía Comercio e Peme).

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia da adquisición de diversos artigos, actuacións e outros gastos derivados da situación de emerxencia ocasionada pola pandemia do COVID-19, por importe de tres millóns catrocentos mil cincocentos dous euros con trinta e oito céntimos (3.400.502,38 €) IVE engadido, na Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo tramite de emerxencia da compra de diversas subministracións para a Área Sanitaria da Coruña e Cee, para facer fronte á pandemia da COVID-19, por importe de tres millóns cento trinta e seis mil trescentos corenta e sete euros e corenta e oito céntimos (3.136.347,48 €).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia da adquisición de bens, contratación de servizos e realización de pequenas obras para facer fronte á pandemia da COVID-19, na Área Sanitaria de Ferrol, por importe de dous millóns seiscentos quince mil cincocentos sesenta euros con oitenta e tres céntimos (2.615.560,83 €).

## CONSELLERÍA DO MAR

- Informe de planificación técnica e ambiental para as dragaxes portuarias.



## A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DA ADMINISTRACIÓN XERAL PARA 2021 ASCENDE A 1.491 PRAZAS, DAS CALES 1.006 SON DE ACCESO LIBRE

- *O Goberno galego volve esgotar a taxa de reposición que marca o Estado*
- *Inclúense 322 prazas para a promoción interna e 163 para continuar co proceso voluntario de funcionarización do persoal laboral fixo*
- *Esta oferta de emprego público súmase ás ofertas de emprego nos eidos sanitario e educativo, co que en total, a Xunta de Galicia ofertará este ano máis de 4.000 prazas*
- *O maior número de prazas concéntrase na escala de auxiliares de clínica (140) ou na especialidade en xardín de infancia (101 prazas)*
- *No eido administrativo destacan 77 prazas para o corpo superior (A1) ou 79 para o corpo de xestión (A2)*
- *A reserva de prazas de acceso libre para persoas con discapacidade ascende ao 12,6%, por riba do 7% que establece a lei*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto de oferta de emprego público (OEP) da Administración xeral da Xunta para o ano 2021 que ascende a 1.491 prazas, das cales 1.006 son de acceso libre. Destas prazas de acceso libre, 155 corresponden a servizos sociais que se prestan a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

A Xunta esgota un ano máis a taxa de reposición imposta polo Goberno central a todas as administracións. Así, o Goberno galego súmalle ás 635 prazas que esgotan a taxa de reposición para cubrir xubilacións, falecementos, renuncias, excedencias ou altas e baixas producidas por concursos de traslados a outras administracións, a oferta adicional de prazas para a estabilización e a consolidación de persoal.

Tamén se ofertan 322 prazas para a promoción interna do persoal funcionario, e 163 postos para continuar co proceso de funcionarización voluntaria do persoal laboral fixo da Xunta pactado no Acordo de concertación para a mellora das condicións do emprego público, asinado en 2019 cos sindicatos CC.OO. e UXT.

Este decreto apróbase logo de recibir o voto favorable dos sindicatos CC.OO. e UXT, e será publicado nos vindeiros días no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). Ademais, súmase ás ofertas de emprego nos eidos sanitario (1.203) e educativo (1.604), co que en total, a Xunta de Galicia oferta este ano 4.298 prazas.

Esta oferta de prazas ten a finalidade de garantir a posibilidade de que calquera persoa que cumpra os requisitos poida acceder a un posto de traballo de alta calidade na Xunta de Galicia; que os empregados públicos que xa traballan na Administración galega con carácter temporal poidan consolidar os seus postos de traballo; garantir o



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

dereito á promoción profesional dos empregados públicos; e continuar co proceso de funcionarización voluntaria do persoal laboral fixo.

### **Prazas de acceso libre**

O maior número de prazas de acceso libre concéntrase na escala de auxiliares de clínica con 140 prazas; na escala de axentes técnicos facultativos con 101 prazas na especialidade en xardín de infancia; ou na escala de técnicos facultativos con 28 prazas na especialidade de educadores ou 19 na especialidade de enfermaría. Tamén se inclúen 46 prazas para a escala de enxeñeiros técnicos; 45 prazas na escala de enxeñeiros; 34 para a escala de ciencias; ou 13 prazas para a escala de xerocultor. A todas estas prazas poderá acceder calquera persoa que cumpra os requisitos exixidos nas correspondentes convocatorias, e as probas desenvolveranse a través do sistema de concurso-oposición.

En canto ao eido administrativo, destacan 77 prazas para o corpo superior (A1), 79 para o corpo de xestión (A2), 51 para o corpo administrativo (C1), 62 para o corpo auxiliar (C2) e 47 prazas para a agrupación profesional de persoal subalterno (AP).

A todas estas prazas poderá acceder calquera persoa que cumpra os requisitos exixidos nas correspondentes convocatorias, e as probas desenvolveranse a través do sistema de concurso-oposición, garantindo a aplicación dos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, e respectando a libre concorrencia.

### **Promoción interna independente e funcionarización**

Ás prazas de acceso libre súmanse outras 322 prazas para a promoción interna de persoal funcionario, uns procesos reservados a empregados públicos que xa son funcionarios e que poden acadar un ascenso ou promoción profesional a postos de traballo de maior responsabilidade e retribución. Os procesos de promoción interna levaranse a cabo en convocatorias independentes das convocatorias de novo ingreso e as probas tamén se desenvolverán a través do sistema de concurso-oposición.

Finalmente, o decreto inclúe outras 163 prazas para continuar co proceso voluntario de funcionarización do persoal laboral fixo. Trátase dun proceso moi demandado polo persoal laboral fixo da Xunta ao que se acolleu o 95% do persoal susceptible de funcionarizar. As primeiras probas de funcionarización celebráronse no mes de outubro do pasado ano.

A diferenza da promoción interna, estas probas non teñen carácter competitivo, senón que permitirán modificar o réxime xurídico do traballador, que pasará de ser empregado laboral fixo a funcionario de carreira da Administración.

### **Prazas reservadas para persoas con discapacidade**

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

A reserva de prazas para persoas que acrediten discapacidade nesta oferta de emprego público acada o 12,6% nas prazas de acceso libre. Unha parte delas será para o acceso de persoas con discapacidade intelectual. A reserva é maior do que establece a lexislación, que marca un mínimo do 7% para facilitar o acceso da discapacidade á función pública.

**Taxas de reposición**

A oferta de emprego público da Administración xeral para o ano 2021 podería ser aínda maior se a Administración estatal atendese as peticións reiteradas da Xunta de eliminar as taxas de reposición de efectivos actualmente vixente.

Galicia xa solicitou formalmente en numerosas ocasións a eliminación desta limitación que impide proceder á convocatorias máis amplas de prazas. De feito, o ano pasado, presentoulle ao Goberno central unha proposta formal de reforma do Estatuto básico do empregado público (EBEP) para eliminala co obxectivo de garantir a estabilidade laboral no emprego e reducir a temporalidade entre as persoas traballadoras das distintas administracións. Malia estas peticións compartidas co resto das comunidades autónomas, o Executivo central desoíu reiteradamente todas as peticións.

**1. ACCESO LIBRE (1.006 PRAZAS)**

ADMINISTRACIÓN XERAL	TOTAL
<b>Corpo superior (subgrupo A1)</b>	77
Escala de letrados (A1)	4
Escala de sistemas e tecnoloxía da información (A1)	16
Escala superior de finanzas (A1)	9
Escala superior de estatísticos (A1)	4
<b>Corpo de xestión (subgrupo A2)</b>	79
Escala técnica de finanzas (A2)	10
Escala técnica de orientación laboral (A2)	1
<b>Corpo administrativo (subgrupo C1)</b>	51
<b>Corpo auxiliar (subgrupo C2)</b>	62
Escala de persoal de servizos xerais (PSX) (C2)	28
<b>Agrupación profesional de persoal subalterno (grupo AP)</b>	47
Escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais (AP)	
Especialidade de Persoal de limpeza e cociña	11
Especialidade de Persoal de recursos naturais e forestais	39

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
 Consello da Xunta

ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	TOTAL
<b>Corpo facultativo superior (subgrupo A1)</b>	
Escala de enxeñeiros (A1)	45
Escala de arquitectos (A1)	2
Escala de veterinarios (A1)	64
Escala de ciencias (especialidade de bioloxía, química, mar) (A1)	34
Escala de arqueólogos (A1)	5
Escala de facultativos de arquivos, bibliotecas e museos (A1)	8
Escala de facultativos (A1) (medicina, psicoloxía)	11
<b>Corpo facultativo de grao medio (subgrupo A2)</b>	
Escala de enxeñeiros técnicos (A2)	46
Escala de subinspección urbanística (A2)	2
Escala de técnicos facultativos (A2)	
Especialidade en enfermaría	19
Especialidade de educadores	28
Especialidade de traballo social	4
<b>Corpo de técnicos de carácter facultativo (grupo B)</b>	
Escala de axentes técnicos facultativos (Grupo B)	
Especialidade en xardín de infancia	101
<b>Corpo de axudantes de carácter facultativo (subgrupo C1)</b>	
Escala de axentes do Servizo de Gardacostas de Galicia (C1)	12
Escala técnica de análises de laboratorio (subgrupo C1)	3
<b>Corpo de auxiliares de carácter técnico (subgrupo C2)</b>	
Escala de auxiliares de clínica (C2)	140
Escala auxiliar de laboratorio (C2)	21
Escala de xerocultor (C2)	13
Escala auxiliar de recursos naturais e forestais (C2)	10

**2. PROMOCIÓN INTERNA (322 PRAZAS)**

Administración xeral	291
Administración especial	31



### 3. FUNCIONARIZACIÓN PERSOAL LABORAL FIXO (163 PRAZAS)

Administración xeral	49
Administración especial	114

## A XUNTA REGULARÁ A AVALIACIÓN DOS INMOBLES GALEGOS PARA ACREDITAR O SEU ESTADO DE CONSERVACIÓN E O CUMPRIMENTO EN MATERIA DE ACCESIBILIDADE E EFICIENCIA ENERXÉTICA

- *O Consello da Xunta aproba o decreto polo que se habilita o informe de avaliación do edificio, en que se fixarán os parámetros para coñecer a idade dos inmobles*
- *Esta análise será obrigatoria para aqueles de tipo residencial colectivo de 50 ou máis anos de antigüidade, o cal afectará a uns 120.000 en Galicia*
- *A través do decreto tamén se crea o Rexistro Galego de Informes de Avaliación dos Edifícios (Regiae)*
- *Cómpre destacar a utilidade práctica que reportarán os datos que se recollerán, pois servirán para orientar as políticas municipais e autonómicas no eido da rehabilitación, ao tempo que se traballa na seguridade, salubridade e accesibilidade*

A Xunta de Galicia regulará a avaliación dos inmobles galegos para acreditar o seu estado de conservación e o cumprimento en materia de accesibilidade e eficiencia enerxética.

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, aprobou o decreto polo que se regula este instrumento deseñado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ao tempo que se crea o rexistro galego deste tipo de informes.

Un informe de avaliación do edificio (IAE) é un documento en que se acredita a súa situación actual en relación co estado de conservación e tamén co cumprimento da normativa vixente sobre accesibilidade e co seu grao de eficiencia enerxética.

A análise será obrigatoria para os inmobles de tipoloxía residencial de vivenda colectiva que teñan 50 anos ou máis, que carezan de declaración firme de ruína e con independencia de que nese edificio existan usos distintos ao residencial, polo que a regulación afectará uns 120.000 en toda Galicia. En todo caso, tamén será aplicable ao resto se así o determina a normativa municipal.

Existen dous supostos en que non será necesario: os edificios que contén cunha declaración firme de ruína, que quedarán exentos; e aqueles que contén cun certificado de inspección técnica de edificación (ITE), que só deberán completar a parte destinada á accesibilidade e eficiencia enerxética.

O informe estará elaborado por un técnico competente, que acreditará a situación actual dun edificio con base no seu estado de conservación, na súa accesibilidade universal do edificio e na certificación da eficiencia enerxética. No caso de edificios catalogados ou declarados bens de interese cultural, no IAE deberase cubrir o cadro específico para estes efectos, indicando a data de inclusión no catálogo ou a data da



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

declaración, así como a listaxe e a avaliación do estado de conservación dos elementos merecentes da dita protección.

### Idade dun inmovible

Tal e como se recolle no decreto, establécense ata seis escritos para fixar a idade dun inmovible. Así, para determinar a antigüidade dun edificio sometido á obriga de dispor IAE acreditarase con base na data que revelen os seguintes documentos (en orde de prelación): certificado final de obra (1), licenza de primeira ocupación (2), escrituras acreditativas do final da obra (3), cédula de cualificación definitiva como vivendas protexidas (4), certificado catastral (5) e, por último, por calquera outro medio de proba admisible en dereito ou por estimación técnica en función da tipoloxía e características construtivas da edificación (6).

Así mesmo, para aqueles edificios que foran sometidos a unha rehabilitación integral, é dicir, obras que impliquen unha renovación global da estrutura orixinal, contarase a partir do remate das devanditas obras de reforma.

O informe deberá elaborarse e presentarse no municipio en que estea situado o inmovible, nun prazo máximo dun ano desde que o edificio acade os 50 anos ou a antigüidade que estableza o concello, de ser o caso. A vixencia da análise será de dez anos desde a súa sinatura e as futuras renovacións realizaranse antes do 31 de decembro do último ano en vigor.

### Aplicacións informáticas para facilitar a súa tramitación

O Instituto Galego de Vivenda e Solo habilitará dúas aplicacións informáticas para axudar a propietarios e concellos neste labor. Así, por unha banda, activará unha ferramenta informática na súa propia páxina web para elaborar o informe, que xerará un documento pdf para entregar no concello, xunto co resto de documentación exixida.

Por outra parte, tamén se facilitará aos concellos unha aplicación para inscribir no dito IAE no Rexistro Galego de Informes de Avaliación dos Edificios (Regiae), que se crea mediante o decreto aprobado hoxe. Este inventario público tamén permitirá a xeración de informes e/ou listaxes e incluírá un sistema de alertas relacionadas coas medidas de seguridade inmediatas ou actuacións necesarias, ademais de integrar unha ferramenta de consulta de datos públicos con tecnoloxía de información xeográfica, que tamén estará dispoñible na web do IGVS.

Cómpre destacar a utilidade práctica que reportarán os datos que se recollen no informe, pois servirán como un instrumento fundamental para orientar as políticas municipais e autonómicas no eido da rehabilitación; ao tempo que se traballa na seguridade, salubridade e accesibilidade e evitar que supoñan riscos para as persoas e os bens.





**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

Neste sentido, a Consellería de Medio Ambiente lembra que mantén aberto o prazo para solicitar axudas para a execución de melloras de accesibilidade e conservación e de actuacións de eficiencia enerxética, dúas liñas de incentivos que suman case 20 millóns de euros, aos cales hai que engadir os investimentos ás actuacións de rehabilitación integral.





## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA EXECUTAR UNHA SENDA NA ESTRADA AUTONÓMICA PO-313 ENTRE PARDAVILA E CADRO, NO CONCELLO DE MARÍN

- *A intervención suporá un investimento autonómico de preto de 650.000 euros nos que se inclúe o pagamento dos 9 predios necesarios para a súa execución*
- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá ao levantamento de actas previas e á licitación das obras no segundo semestre deste ano*
- *Construirase unha senda na marxe esquerda da estrada de ancho variable, cunha sección dun mínimo de 1,8 metros*
- *De modo complementario mellorarase a seguridade viaria dunha intersección, instalarase unha nova marquesiña nunha parada de bus e revalorizarase a contorna do cruceiro, creando un espazo público*
- *A nova senda dará continuidade á xa rematada entre Coirados e Pardavila, logo dun investimento da Xunta de 715.000€, conformando un itinerario continuo de 3 km*
- *O novo itinerario enmárcase no Plan de sendas da comarca do Morrazo, que prevé a execución de 8 itinerarios, cun investimento superior aos 4,5 millóns de euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe as expropiacións para executar unha senda na estrada autonómica PO-313, entre Pardavila e Cadro, no concello de Marín.

O investimento que o Goberno galego destinará a esta actuación ascende a preto de 650.000 euros, en que se inclúe o pagamento dos 9 predios necesarios para a súa execución.

O obxecto desta actuación é a construción dunha senda na marxe esquerda da estrada de titularidade da Xunta, no treito comprendido entre os puntos quilométricos 3+330 e 4+130, coa finalidade de seguir mellorando a seguridade viaria na contorna e fomentar a mobilidade sustentable.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá ao levantamento de actas previas e á licitación das obras no segundo semestre do ano. Os traballos contan dun prazo de execución de 9 meses.

O novo itinerario proxéctase en formigón cor terrizo e estará limitado exteriormente por un bordo que o diferencie do resto da plataforma. O ancho do itinerario será variable, sendo como mínimo de 1,8 metros.

De modo complementario mellorarase a seguridade viaria dunha intersección e instalarase unha nova marquesiña nunha parada de bus.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Tamén se trasladará lixeiramente un cruceiro que hai na marxe esquerda da estrada, no punto quilométrico 3+350 ata o 3+340, que actualmente provoca que o espazo entre este e a vía non sexa suficiente para dispor un ancho mínimo de senda.

Os traballos incluírán, ademais, a revalorización do cruceiro, acondicionándose a contorna da súa nova situación, creando un espazo público para disfrute dos veciños. Para o pavimento empregaranse as propias pedras das edificacións situadas agora neste punto. Disporase ademais, iluminación e varios bancos.

Esta nova senda dará continuidade ao itinerario, de preto de 2 quilómetros, rematado a finais do pasado ano pola marxe esquerda da PO-313, logo dun investimento da Xunta de 715.000 euros. Trátase da senda que comeza á saída da travesía de Marín, dá continuidade ás beirarrúas existentes e chega ao lugar de Pardavila, unha vez pasado o enlace coa variante de Marín. En conxunto, conformarase un itinerario continuo de case 3 quilómetros nesta estrada, entre os puntos quilométricos 1+380, en Coirados, e 4+130, en Cadro, o que supón unha importante mellora da seguridade peonil nesta estrada.

Estas actuacións enmárcanse no Plan de sendas da comarca do Morrazo, co que a Xunta está a habilitar, nas estradas da súa titularidade, 8 itinerarios peonís seguros, sustentables e integrados na paisaxe cun investimento superior aos 4,5 millóns de euros.

Están rematadas as obras dos treitos entre Vilaseca e Lapamán da PO-551; e de Coirados a Pardavila na PO-313, en Marín. Está adxudicada a senda entre Trasouto e o Alto da Portela na PO-551, en Bueu, e tamén o itinerario peonil e ciclista entre Bagüín e Seixo, nesta mesma estrada PO-551, no concello de Marín. Ademais, neste mes de marzo aprobáronse as expropiacións da senda entre A Moureira e Palmás na PO-551, en Domaio, no concello de Moaña.

En paralelo, o departamento de Infraestruturas da Xunta está a promover as actuacións necesarias para eliminar os treitos de concentración de accidentes na rede autonómica de estradas no Morrazo. En concreto, está en execución a mellora da seguridade viaria na PO-551 en Bueu e Marín, e están xa licitadas as obras de mellora da mesma estrada en Domaio, no concello de Moaña. Tamén se traballa noutros proxectos, tanto en Cangas como en Moaña.


O Goberno galego segue dando cumprimento ao seu compromiso de mellorar a rede convencional de estradas autonómicas do Morrazo, tras a finalización da autovía do Morrazo, en que se investiron 55 millóns de euros.

Na imaxe amósase o plano de situación e a planta da nova senda:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

Situación





## A XUNTA RECOÑECE COMO BEN DE INTERESE CULTURAL A IGREXA DE SANTA CRUZ DO INCIO, MOSTRA DA NOVA ARQUITECTURA DO SÉCULO XX

- *O decreto aprobado hoxe no Consello formaliza a salvagarda deste ben, un dos exemplos sobranceiros da arquitectura contemporánea en Galicia*
- *A distinción faise extensiva a máis de 40 bens mobles de notable valor arquitectónico e artístico como bancos, confesionarios ou a Virxe de Santa Cruz*
- *Valoráronse entre outros aspectos as súas excepcionais condicións de integridade, a súa calidade e a integración coa arquitectura histórica da contorna*
- *O Goberno autonómico vén de concluír actuacións de conservación no inmovible que incluíron obras por máis de 130.000€ para evitar a deterioración do edificio*

O Consello da Xunta vén de dar luz verde ao decreto polo que se declara ben de interese cultural (BIC), coa categoría de monumento e nivel de protección integral, a igrexa de Santa Cruz, no termo municipal do Incio (Lugo) proxectada polo arquitecto José Luís Fernández del Amo, un dos máis importantes representantes da nova arquitectura española no século XX. O templo é unha mostra excepcional da arquitectura do Movemento Moderno en Galicia e no resto de España.

O recoñecemento supón incluír tamén máis de 40 bens do interior que son de especial interese patrimonial e que se integran no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia como os 24 bancos deseñados por Fernández del Amo, dous confesionarios, unha pía bautismal e outra de auga bendita, o altar principal e outro lateral, a talla da Virxe de Santa Cruz do Incio, crucifixos ou viacrucis, entre outros.

O documento, que entrará en vigor despois da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), culmina o proceso iniciado en 2017 cando a Universidade da Coruña achegou o resultado do traballo encargado pola Xunta para o estudo de proposta para declárala ben de interese cultural. Á vista desta solicitude, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pediu o parecer dos órganos asesores e consultivos, o Consello da Cultura Galega, a Real Academia Galega de Belas Artes e a Escola Técnica que en 2018 concluíron cun informe favorable. A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural incoou o expediente en xuño de 2020, momento en que se levou a cabo a súa protección inmediata e provisional.

Coa esta decisión, a Xunta reforza a súa aposta de revalorización con este inmovible no que vén de concluír tarefas de conservación que incluíron obras o pasado ano por máis de 130.000 euros para evitar a deterioración do edificio e poder acometer algunhas operacións de posta en valor do templo e a súa contorna. En concreto, elimináronse humidades e reparouse a cuberta; mellorouse a sancristía e restauráronse a cuberta da torre así como as vidreiras artísticas deterioradas; construíuse unha nova escaleira de



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

subida á torre e tribuna para facilitar o acceso cómodo e garantir o uso e mantemento. Como curiosidade, na obra orixinal de Fernández del Amo esta parte quedou sen executar. Finalmente, incorporouse unha rampla na entrada principal para garantir a súa accesibilidade.

Tamén se ten acometido o cambio de iluminación interior e instalación eléctrica; realizado unha mellora do espazo do atrio, coa restauración do pavimento e o traslado do cruceiro alí existente, colocado nos anos setenta. A posta en valor actual obrigaba a retiralo e, co acordo dos veciños, concello, familia e párroco foi trasladado ao espazo exterior da igrexa de Eirexalba, recuperando así a idea orixinal dos seus promotores.

A aprobación do decreto de declaración BIC da igrexa de Santa Cruz do Incio enmárcase na aposta do Goberno galego pola conservación do patrimonio sobranceiro e na potenciación e recoñecemento dos seus elementos claves. Neste sentido, esta igrexa forma parte xa dos máis 70 bens declarados desde a entrada en vigor da Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia. Así, a día de hoxe, Galicia conta con 748 BIC, incluíndo entre as últimas incorporacións bens como o Colexio de Nosa Señora da Antiga de Monforte, a Igrexa da Atalaia de Laxe, o Mosteiro de San Martiño Pinario, o Parque do Pasatempo, a Terraza de Sada, entre outras. Ademais, o Goberno galego ten iniciados xa os trámites para outras declaracións BIC que se irán resolvendo nos vindeiros meses.

### **Notables valores arquitectónicos**

A declaración BIC da igrexa de Santa Cruz do Incio susténtase nos notables valores arquitectónicos e culturais do templo, que é considerado un exemplo singular no conxunto do patrimonio moderno de Galicia e da nova construtiva eclesiástica española. Ademais, este inmovible contén un conxunto moi notable de pezas, que son mostra da integración das artes e da súa capacidade expresiva.

Para o seu recoñecemento valóranse, entre outros aspectos, o escaso número de inmovibles da arquitectura moderna do período e situado nunha pequena localidade rural; as excepcionais condicións de integridade da igrexa; a súa calidade arquitectónica, a integración de numerosas pezas artísticas e artesás de notable valor e, o diálogo que establece coa propia arquitectura histórica.

Trátase dunha obra que, a pesar da modestia das súas dimensións e dos recursos dispoñibles para a súa execución e mantemento, é un exemplo paradigmático non só do seu creador, senón das obras conservadas no contexto cultural contemporáneo en Galicia e en España. Das catro igrexas realizadas por Fernández del Amo en Galicia: Santa Cruz no Incio (1960), San Antonio de Padua en Lugo (1961), Santa Mariña en Chantada (1963) e Santa María en Baio (1981), a do Incio era da que máis satisfeito se sentía o seu autor, pola singularidade do encargo. Neste sentido cómpre apuntar que o



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

sacerdote que promoveu a obra admiraba o traballo do arquitecto madrileño e, a maiores, foi na que mellor puido controlar o seu proceso de construción.

### Situación e características

A igrexa parroquial de Santa Cruz é un templo construído entre 1961 e 1963. O proxecto é do arquitecto José Luis Fernández del Amo, un dos mais importantes representantes da nova arquitectura española no século XX, que defendía as artes plásticas de vangarda, movemento moderno e abstracción, nunha visión integradora entre arquitectura e o resto das artes, en contra da visión involucionista do réxime de posguerra.

Sitúase fronte ao amplo espazo axardinado da Praza de España no núcleo de Cruz do Incio. As naves principal e lateral, a torre das campás e a sancristía diferéncianse nos seus volumes e compoñen por adición a totalidade do edificio.

No seu interior intégranse unha serie de elementos singulares, insubstituíbles e deseñados especificamente para o edificio como son as vidreiras, parte delas obra do artista José Luís Gómez Perales, cun valor artístico excepcional; o pasamáns do coro, realizado con tubos de aceiro de sección cadrada como os das cercas, en que se enroscan trece táboas de castiñeiro; o lintel da porta da sancristía; as portas –resoltas de xeito tradicional–, con seccións macizas de madeira, e ferraxes feitos en forxa, de seccións simples; o armario do baptisterio e o remate da torre. Cómpre destacar que a participación de artesáns locais produciu pezas e solucións construtivas de gran calidade e interese.

### Fernández del Amo, referente do século XX

A figura do madrileño Fernández del Amo e a súa obra son ben coñecidas na cultura arquitectónica española. Porén, a igrexa de Santa Cruz do Incio permaneceu longo tempo excluída das publicacións sobre o autor ou a arquitectura do seu tempo, por mor da posición xeográfica do edificio, afastado dos centros en que se concentran os exemplos máis coñecidos de arquitectura moderna, e pola focalización sobre os poboados de colonización nos estudos sobre este arquitecto.

A experiencia de Fernández del Amo como director do Museo de Arte Contemporáneo entre os anos 1952 e 1958, xermolo do actual Museo Nacional de Arte Contemporáneo Reina Sofía, proporcionoulle un amplo coñecemento e contacto cos creadores máis avanzados do momento no país e coas súas obras. Algo que permite explicar a calidade excepcional das pezas artísticas que integrou na obra do Incio.



## A OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO DO PERSOAL ESTATUTARIO DO SERGAS PARA 2021 INCLÚE UN TOTAL DE 1.203 PRAZAS

- *Esta oferta esgota a taxa máxima de reposición de efectivos autorizada pola lexislación básica do Estado, que é do 110 por cento*
- *Esta nova oferta engádese ás aprobadas de xeito continuo desde o ano 2012, e que suman un total de 8.112 prazas neste período*
- *Máis da metade das prazas reforzarán a categoría de Enfermaría e as súas especialidades, con 648 prazas*
- *Das 65 prazas ofertadas para o colectivo de persoal licenciado sanitario, 60 corresponden á categoría médico de familia*
- *Con esta oferta de emprego, o departamento sanitario galego dá resposta ás necesidades asistenciais e organizativas identificadas como prioritarias polo Sergas*
- *O Consello tamén aprobou a OPE de persoal funcionario de saúde pública, que reforzará a inspección sanitaria*

O Consello da Xunta vén de aprobar, na súa reunión semanal, a oferta pública de emprego do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o presente ano, que inclúe un total de 1.203 prazas. Con esta oferta esgota a taxa máxima de reposición de efectivos autorizada pola lexislación básica do Estado, que é do 110 por cento.

A nova oferta de prazas do departamento sanitario galego engádese ás aprobadas, por este organismo de xeito continuo desde o ano 2012, o que supón, no total do período, un total de 8.112 prazas.

O obxectivo do departamento que dirixe Julio García Comesaña con esta oferta de emprego público de persoal estatutario é dar resposta ás necesidades asistenciais e organizativas identificadas como prioritarias polo Sergas, con especial atención aos ámbitos asistenciais cunha maior demanda de efectivos, e de necesario reforzo no actual contexto de crise sanitaria derivada da pandemia da COVID, como a medicina de familia e, principalmente, enfermaría e as súas especialidades.

### **648 prazas para Enfermaría e as súas especialidades**

O total de prazas ofertadas para o colectivo de persoal licenciado sanitario é de 65, das cales 60 corresponden a médico de familia. Así mesmo, no que atinxe ao colectivo de persoal sanitario diplomado e de formación profesional, o total de prazas que se oferta é de 686. Destas, 604 corresponden á categoría de enfermaría, unha cantidade que sumada ás 466 incluídas nos decretos de 2019 e 2020, permitirán desenvolver un proceso selectivo para a cobertura de 1.070 prazas desta categoría.





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Con esta oferta, continúaase a impulsar a progresiva dotación de prazas e a incorporación de persoal fixo das especialidades de enfermaría, coa aprobación de 44 novas prazas das especialidades de saúde mental, familiar e comunitaria, pediátrica, e obstétrico-xinecolóxica (matrón/a).

Cómpre remarcar, así mesmo, que ofértanse cinco prazas para a categoría de técnico superior en dietética, categoría recentemente creada polo Sergas.

Ademais, reforzarase o emprego fixo nas categorías de persoal de xestión e servizos, cun total de 452 prazas, entre elas, 220 para celador, 155 para o grupo auxiliar da función administrativa, e 18 para traballadores sociais.

Sinalar, así mesmo, que o sistema selectivo será o de concurso-oposición, e respectará os principios de libre concorrència, igualdade, mérito e capacidade.

Do total de prazas, reservaranse un total de 61 delas para o acceso a persoas con discapacidade xeral, e 25 con discapacidade intelectual, así como as correspondentes para a súa provisión polo sistema de promoción interna.

Nos mesmos termos que no decreto de oferta do ano anterior, inclúese a previsión expresa de que os baremos de méritos dos procesos selectivos das categorías/especialidades de medicina, deberán incluír unha puntuación específica que valore a prestación de servizos en hospitais comarcais ou centros de saúde illados.

Esta oferta pública de emprego súmase a outras medidas adoptadas pola Consellería de Sanidade para dar estabilidade aos profesionais como son: o Plan de estabilidade do emprego e provisión de prazas de persoal estatutario do Sergas, aprobado en Mesa Sectorial en marzo de 2017, e o nomeamento de continuidade para médicos de familia e pediatras de atención primaria, aprobado en Mesa Sectorial en xaneiro de 2019.

### **Oferta para persoal sanitario funcionario**

Na mesma reunión do Consello da Xunta de hoxe xoves, aprobouse, tamén, a oferta de emprego público para o presente ano correspondente a diversas clases de persoal funcionario da escala de saúde pública e administración sanitaria, que supón un total de 12 prazas que, sumadas ás ofertadas nos anos 2018, 2019 e 2020, permitirán a incorporación de preto de 100 profesionais no ámbito da inspección sanitaria e a saúde pública. Esta oferta esgota a taxa máxima de reposición de efectivos autorizada polo Estado.

A oferta, que reforzará áreas prioritarias como a inspección sanitaria e a saúde pública, concrétase nas clases de inspector médico (3 prazas); farmacéutico inspector de saúde pública (6 prazas); e subinspector sanitario (3 prazas).

## A XUNTA RENOVA O CONVENIO COA CATEDRAL PARA COLABORAR NOS GASTOS DE MANTEMENTO DO CENTRO INTERNACIONAL DE ACOLLIDA AOS PEREGRINOS

- *O Goberno galego destina a este obxectivo máis de 160.000 euros para garantir a mellor das acollidas posibles aos peregrinos que chegan á meta a Compostela*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre Vicepresidencia Primeira e a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela para a renovación do convenio de colaboración con base no cal a Xunta comprométese a colaborar nos gastos de funcionamento do Centro internacional de acollida aos peregrinos, que depende directamente da Catedral. O convenio, que vén estando en activo desde 2014, renóvase ata finais deste ano 2021 por un importe total de 162.064 euros.

Este importe estará destinado a sufragar os gastos das subministracións (electricidade, calefacción, seguros...), os servizos xerais de limpeza e mantemento dos espazos de atención así como os gastos de persoal da oficina. O Centro internacional de acollida ao peregrino concentra todos os servizos de atención relacionados co Camiño de Santiago, como a Oficina do peregrino, onde se obtén a Compostela, o documento que acredita a peregrinación.

A oficina conta, ademais do punto de acollida aos peregrinos, unha capela e espazo para actos, un punto de información do Camiño, un espazo para as asociacións xacobeas, biblioteca e un espazo en que se implantará o futuro centro de documentación do Camiño de Santiago.

Con este novo apoio do Goberno galego, garántese a mellor das acollidas posibles aos peregrinos que chegan a Santiago fortalecendo a cidade de Santiago de Compostela como meta da ruta Xacobeas, optimizando as súas infraestruturas e mellorando os servizos de atención ao peregrino na cidade.

**O CONSELLO DA XUNTA NOMEA PRESIDENTE DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DE GALICIA A TOMÁS OTERO FERREIRO**

- *É licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e ata o de agora era vogal do Tribunal*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Tomás Otero Ferreiro como presidente do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) en substitución de Santiago Valencia Vila.

Nado en Santiago de Compostela en 1974, é licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e funcionario do Corpo Superior (A1) da Xunta de Galicia desde o ano 2001. Ademais é funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Tomás Otero comezou a súa carreira administrativa como interventor do Concello de Padrón; e tamén desempeñou o posto de secretario-interventor no Concello de Cerdedo, no Consorcio Local Conca do Lérez e no Concello de O Pino; ademais foi interventor do Concello de Guitiriz.

Desde o ano 2018 e ata o de agora, Tomás Otero viña desempeñando o posto de vogal no propio Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia.

## A XUNTA APROBA UN ACORDO ESPECÍFICO PARA REGULAR AS CONDICIÓN DE TRABALLO DOS EMPREGADOS PÚBLICOS QUE XESTIONEN OS FONDOS EUROPEOS DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA

- *Trátase do primeiro acordo destas características subscrito en España*
- *Foi negociado na Mesa xeral, onde se acordou cos sindicatos CC.OO. e U.X.T.*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un acordo específico para regular as condicións de traballo dos empregados públicos que xestionen os fondos europeos de recuperación e resiliencia. Trátase do primeiro acordo destas características subscrito en España, e foi negociado na Mesa xeral onde se acordou coas organizacións sindicais CC.OO. e U.X.T.

Será de aplicación ao persoal da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais e garante a xestión eficaz dos fondos europeos; flexibiliza os mecanismos tradicionais de asignación de tarefas; permite captar talento; e incrementar a proactividade e a capacidade de innovación da propia Administración.

Este acordo está enmarcado no Plan de recuperación e resiliencia elaborado pola Comisión Europea, o Parlamento Europeo e os dirixentes da Unión Europea en que as comunidades autónomas deben ter un papel moi activo na xestión dos recursos; e na Lei de simplificación administrativa e de reactivación económica de Galicia que recolle os instrumentos de gobernanza dos fondos de recuperación.

### **Grupos de traballo con recursos propios**

O acordo aprobado hoxe recolle a creación de grupos de traballo destinados á xestión dos proxectos que se financien cos fondos de recuperación e resiliencia. A Administración galega conta cunha longa experiencia na xestión de fondos europeos o que lle permite dispoñer dun importante colectivo de empregados públicos cun amplo coñecemento e experiencia neste ámbito.

Por esta razón, a sobrecarga de traballo e o sobreesforzo derivados da xestión destes fondos atenderase cos recursos propios da Administración galega, é dicir co seu propio persoal. Neste marco, acudirase en primeiro lugar aos empregados públicos da propia Consellería ou organismo de xestión, e como segunda opción recorrerase á colaboración voluntaria dos empregados públicos doutras consellerías ou organismos.

O acordo tamén inclúe unha compensación económica para aqueles efectivos públicos que formen parte destes grupos de traballo. Esta compensación realizarase a través



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

dos mecanismos ordinarios de retribución como son o complemento de produtividade ou as gratificacións extraordinarias.

O complemento de produtividade estará ligado á consecución de obxectivos, e incentivará a realización de tarefas de especial complexidade, dedicación e esforzo, nas que a iniciativa e interese dos empregados públicos resulten decisivos. Pola súa parte, as gratificacións extraordinarias incentivarán aqueles labores que teñan unha menor complexidade en que o factor máis importante é o tempo de dedicación.



## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DOS CONTRATOS DE CONSERVACIÓN E VIALIDADE INVERNAL NAS ESTRADAS AUTONÓMICAS, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 133 M€ PARA OS VINDEIROS 4 ANOS

- *As tarefas de conservación e explotación teñen por obxectivo o mantemento da rede viaria nas mellores condicións para contribuír a unha circulación máis segura e fluída*
- *Os contratos abranguen a conservación de 5.379,11 km de vías autonómicas, unha extensión que fai necesario establecer sete áreas para executar os traballos*
- *No que se refire á conservación ordinaria, efectúanse traballos de limpeza e roza, reparacións de firme ou o mantemento da sinalización*
- *En relación coa vialidade invernal realízanse tarefas preventivas en estradas situadas en zonas propensas ao xeo e á neve, procedendo á súa retirada se é preciso*
- *Os contratos garanten un equipo integrado por 262 profesionais e a disposición de 67 máquinas para empregar nestes dispositivos*
- *Estes traballos complementáanse con actuacións de conservación extraordinaria, que inclúen a mellora de firmes ou a rehabilitación de pontes ou noiros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación dos contratos para desenvolver as actuacións de conservación ordinaria e de vialidade invernal nas estradas autonómicas, que suporán un investimento de máis de 133 millóns de euros nos próximos 4 anos.

As tarefas de conservación e explotación de estradas teñen por obxectivo o mantemento da rede viaria nas mellores condicións para contribuír a unha circulación máis segura e fluída.

O prazo dos contratos vixentes remata no vindeiro mes de setembro, polo que cómpre licitar os novos programas para levar a cabo estas intervencións que reforzan a seguridade nas estradas de titularidade da Xunta.

Estes contratos abranguen a conservación de 5.379,11 quilómetros de vías autonómicas, unha extensión que fai necesario establecer sete áreas diferenciadas para executar os traballos.

Neste sentido, prevese licitar un contrato para cada área: A Coruña norte, A Coruña sur, Lugo norte, Lugo sur, Ourense, Pontevedra norte e Pontevedra sur.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

No que se refire á conservación ordinaria, efectúanse traballos de limpeza e roza, reparacións de firme, mantemento da sinalización horizontal, vertical e o balizamento, ou arranxos de obras de fábrica, entre outras.

En relación coa vialidade invernal, lévanse a cabo a vixilancia permanente das estradas para velar polo seu correcto mantemento e funcionalidade, así como a atención das incidencias que afectan á circulación e reparación urxente dos danos que se puideran ocasionar como consecuencia desas incidencias.

Estes traballos tamén están dirixidos ao mantemento en boas condicións das estradas situadas en zonas propensas ás xeadas ou ás nevadas. Para isto, realízanse tarefas preventivas, destinadas a evitar no posible a formación e neve ou xeo, procedendo á súa retirada se é preciso.

Os contratos hoxe autorizados tamén garanten a disposición do persoal e os recursos materiais necesarios para acometer estas intervencións. Así, prevese un equipo integrado por un total de 262 profesionais e 67 máquinas á disposición dos dispositivos.

### **Mellora de firmes e obras de paso**

Estes traballos de conservación ordinaria e vialidade invernal complementáanse con outras actuacións de conservación extraordinaria, que inclúen as melloras de firmes ou a rehabilitación de estruturas como as pontes ou os noiros.

A Xunta vén intensificando nos últimos anos as obras de reforzo de firme na rede viaria da súa titularidade. No que vai de ano téñense licitado contratos por importe de 14,4 millóns de euros e prevese elevar este mes o citado importe ata os 22,3 millóns.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade tamén efectúa un labor continuo e sistemático de inspección de pontes e obras de paso. Ademais, desde o ano 2020, á xestión das pontes sumóuselle a de muros e noiros das estradas autonómicas.

Estas tarefas permiten o mantemento preventivo destas estruturas ou resolver problemas que se detecten antes de que supoñan un risco para os usuarios das estradas.

Na actualidade, a Xunta está a rematar os traballos de rehabilitación da ponte sobre o río Xabriña, na estrada PO-254, entre Mondariz e Mondariz-Balneario. Tamén se licitou xa a intervención prevista na Ponte Nafonso, entre Outes e Noia, que se executará este ano.

## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DA ESTRADA PARA COMPLETAR O SERVIZO DE ABASTECIMENTO NOS NÚCLEOS DE TABELIRÓS E NIGOI CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 715.000 €

- *O Goberno galego contribuirá co 80% do investimento, preto de 573.000 euros, e a entidade local achegará o 20% restante, algo máis de 143.000 euros*
- *Unha vez autorizado este acordo, Augas de Galicia procederá á licitación destas intervencións, que teñen un prazo de execución de dez meses e serán financiadas no marco do eixe REACT UE do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020*
- *Dotarase de rede de abastecemento aos lugares da Carballeira, O Pazo, Constenla, Nigoí, Sar, O Outeiro, Piñoí, Sandán, As Quintas, Tosar, A Consolación e Vilarreal*
- *Executarase unha rede de conducións cunha lonxitude aproximada de 11.600 metros, que se derivará desde a rede de abastecemento en alta da estación de tratamento de auga potable de Eiriz, situada xunto o río Umia*
- *A actuación está deseñada para dar servizo a 442 vivendas no ano horizonte 2042*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnica e financeira co Concello da Estrada para completar o servizo de abastecemento nos núcleos de Tabeirós e Nigoí, cun investimento de máis de 715.000 euros.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, cofinanciará a actuación nun 80% coa achega de case 573.000 euros. O Concello da Estrada contribuirá ao financiamento do 20% restante, co investimento de algo máis de 143.000 euros.

As actuacións serán financiadas no marco do Eixe REACT UE do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE fronte á COVID-19.

Unha vez autorizado hoxe este acordo, Augas de Galicia procederá á licitación destas intervencións, que teñen un prazo de execución de dez meses.

A colaboración co Concello da Estrada comprende as actuacións necesarias para dotar de servizo de abastecemento a distintos lugares das parroquias de Tabeirós e Nigoí.

Trátase dos núcleos da Carballeira, O Pazo, Constenla, Nigoí, Sar, O Outeiro, Piñoí, Sandán, As Quintas, Tosar, A Consolación e Vilarreal, que na actualidade se autoabastecen mediante pozos privados. Este sistema non garante un servizo de tratamento de auga potable axeitado aos veciños que, ademais, sofren episodios de seca.





INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta


Para solucionar estas deficiencias, a entidade hidráulica da Xunta proxecta a execución dunha rede de conducións, que se derivará desde a rede de abastecemento en alta da estación de tratamento de auga potable de Eiriz, que capta no río Umia.

As obras proxectadas consisten nunha rede ramificada composta por un total de 24 ramais, cunha lonxitude aproximada de 11.600 metros e 90 mm de diámetro. A nova tubaxe sitúase principalmente baixo a calzada nos carrís de circulación de vías municipais.

Esta actuación está deseñada para dar servizo a un total de 442 vivendas para unha previsión futura no ano 2042.

O Goberno galego continúa prestando apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan exercer as súas responsabilidades dun xeito eficiente.

Mapas de situación e da rede proxectada:





## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE AVIÓN PARA IMPULSAR A MELLORA DO SANEAMENTO NOS NÚCLEOS DO SIFÓN E SAN VICENZO CUN INVESTIMENTO DE 185.000 EUROS

- *A Xunta executará as obras e achegará o 80% do orzamento, 148.000 euros, mentres o Concello de Avión contribuirá co 20% restante, destinando 37.000 euros*
- *Unha vez autorizado este acordo, Augas de Galicia estará en disposición de licitar os traballos, que teñen un prazo de execución de 4 meses e serán financiados no marco do eixe REACT-UE do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020*
- *A actuación permitirá conectar estes núcleos de poboación coa depuradora municipal de Avión, infraestrutura executada con anterioridade pola Xunta cun investimento de preto de 830.000 euros*
- *Con esta intervención darase servizo a unha poboación de 94 habitantes*
- *O Goberno galego continúa prestando apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan exercer as súas responsabilidades dun xeito eficiente*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración co Concello de Avión para impulsar a mellora do sistema de saneamento nos núcleos do Sifón e San Vicenzo, que suporá un investimento de 185.000 euros.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, cofinanciará a actuación nun 80% coa achega de 148.000 euros. O Concello de Avión contribuirá ao financiamento do 20% restante, destinando 37.000 euros.

As actuacións serán financiadas no marco do eixe REACT-UE do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE fronte á COVID-19.

Unha vez autorizado hoxe este acordo, Augas de Galicia estará en disposición de licitar as obras, que teñen un prazo de execución de 4 meses.

No ano 2013 Augas de Galicia levou a cabo as obras de execución de dous colectores xerais nos núcleos de Avión, Cendóns e Beresmo e dunha nova depuradora para 1.250 habitantes equivalentes, que supuxo un investimento de preto de 830.000 euros.

Esta intervención permite agora a execución das obras de conexión das redes de saneamento do Sifón e San Vicenzo co colector xeral de Avión, núcleos que contan na actualidade con redes de saneamento que conflúen en fosas sépticas cuxo funcionamento é deficiente.

As obras recollidas no convenio de colaboración autorizado hoxe polo Goberno galego prevén a execución dunha rede de conexión ata a citada depuradora de Avión, xa



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS


Consello da Xunta

deseñada no seu día para atender tamén á poboación deste dous núcleos do municipio ourensán.

A intervención consiste na execución de dous tramos de colectores de PVC cun diámetro de 315 mm e unha lonxitude total de algo máis dun quilómetro. A actuación permitirá dar servizo a unha poboación de 94 habitantes para o ano horizonte 2045.

O Goberno galego continúa prestando apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan exercer as súas responsabilidades dun xeito eficiente.

Plano xeral das actuacións proxectadas:



## A XUNTA INCREMENTA EN CASE UN 12% A ACHEGA ÁS UNIVERSIDADES PARA O ACCESO A RECURSOS DE SUPERCOMPUTACIÓN

- *A achega total ascende a 570.000€, co obxectivo de que os investigadores poidan acceder a cálculos de altas prestacións ou almacenamento de datos*

A Xunta de Galicia incrementará este ano en case un 12% a achega ás tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) para o acceso a recursos de supercomputación, almacenamento de datos e comunicación dos investigadores. En total serán 570.000€ os que se repartan entre as Universidades da Coruña (UDC), Santiago de Compostela (USC) e Vigo (UVIGO), a través dun convenio de colaboración, para proporcionarlle ao persoal investigador o acceso a estas facilidades.

En concreto, trátase de que o persoal docente e investigador do SUG acceda a recursos de supercomputador con diferentes arquitecturas e de software especializado que permiten realizar cálculos de altas prestacións, almacenamento de datos e comunicacións de banda ancha necesarios para o desenvolvemento dos traballos científicos dos grupos e centros investigadores das universidades do SUG.

O acordo enmárcanse na aposta do Goberno galego pola investigación universitaria reflectido nunha mellora do 6,2% (ata 67,8M€) das partidas dedicadas ao fomento da I+D+i nos orzamentos deste ano 2021.

## A XUNTA DE GALICIA INCREMENTA NUN 33% A SÚA ACHEGA Á PROGRAMACIÓN LÍRICA DA CORUÑA NO MARCO DO XACOBEO 2021

- *O Consello da Xunta autoriza un convenio coa Asociación de Amigos de la Ópera por un importe de 200.000 euros*
- *Refórzase o apoio a esta entidade, decana das asociacións líricas españolas e referente na difusión deste xénero musical e dos cantantes, compositores e músicos de Galicia*

O Consello da Xunta acordou hoxe autorizar un convenio de colaboración coa Asociación de Amigos de la Ópera da Coruña, a través do que se destinarán 200.000 euros á organización dunha nova edición da programación lírica da cidade herculina. Este importe supón un incremento do 33% respecto da contía achegada no ano 2020, aumento que se enmarca na celebración do Xacobeo 2021 como motor para a reactivación do sector cultural fronte aos efectos da crise sanitaria.

Deste xeito, refórzase o apoio do Goberno autonómico a un xénero musical en que a Asociación de Amigos de la Ópera é referente dentro e fóra de Galicia. Trátase da decana das asociacións líricas españolas, ademais de ser premiada en numerosas ocasións polo seu labor de difusión musical entre todo tipo de públicos, presentando en Galicia producións e figuras de nivel internacional. Ao tempo, a súa programación está a ser un efectivo escaparate para contribuír a unha maior proxección social do traballo de cantantes, compositores e músicos galegos no ámbito da lírica.

Os meses de setembro e outubro concentrarán a meirande parte das actividades que a organización está a preparar para 2021 e que incluírá a produción de dous grandes espectáculos musicais nos que, de novo, se conxugará a presenza de recoñecidos nomes da música internacional con artistas galegos emerxentes. Destacan a ópera *Payasos*, de Ruggero Leoncavallo, coa que se homenaxeará a gran cantante de orixe galega Ofelia Nieto no centenario da súa interpretación deste título no Teatro Real de Madrid, e a ópera *La Parténope*, de G. F. Händel, en versión concerto.

Seguindo a liña da programación do ano pasado e no marco do Plan de reactivación cultural da Xunta, este incremento do apoio por parte do Goberno autonómico busca contribuír á recuperación da actividade cultural e preservar o emprego no conxunto do sector, tanto desde o punto de vista artístico como técnico, ao tempo que recuperar a confianza do público na asistencia aos espectáculos musicais, garantindo en todo momento a seguridade en teatros, auditorios e demais recintos, en cumprimento estrito das medidas sanitarias en vigor.



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A Xunta continúa así a dar resposta á situación pola que atravesan os profesionais e as empresas musicais con motivo da evolución actual da pandemia, sumándose a outras iniciativas específicas para o ámbito musical xa postas en marcha.



UNIÃO EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA COLABORAR COA FEDERACIÓN GALEGA DE BANDAS DE MÚSICA PARA OFRECER 94 CONCERTOS NO XACOBEO 2021

- *Autoriza un convenio dotado con 400.000 euros, co que se cuadriplica a cantidade destinada o pasado ano a este colectivo musical para minimizar os efectos da pandemia na súa actividade*
- *Ademais das actuacións públicas, apóiase a creación dunha plataforma única de xestión integral das bandas e a convocatoria do XIV Concurso Galego de Composición*

O Consello da Xunta acordou hoxe autorizar a sinatura dun convenio de colaboración coa Federación Galega de Bandas de Música para a realización dun mínimo de 94 concertos no marco da programación de verán do Xacobeo 2021, así como outras accións que contribúan ao mantemento da actividade deste colectivo. A dotación do convenio, que ascende a 400.000 euros, cuadriplica a cantidade destinada en 2020 a esta entidade sen ánimo de lucro que agrupa 90 formacións e 4800 instrumentistas federados nas catro provincias, co obxectivo de posibilitar a continuidade do seu funcionamento no actual contexto sanitario.

A maior parte da contía asignada (338.000 euros) destinarase a levar a cabo, cando menos, 94 concertos entre os vindeiros meses de xuño e setembro, que correrán a cargo de bandas tanto federadas como non federadas, distribuídos por todo o territorio galego e con interpretación dun terzo do programa con obras de autoría ou temática galegas.

O convenio tamén posibilitará a convocatoria das cinco categorías do XIV Concurso Galego de Composición (seccións infantil, xuvenil, primeira, segunda e terceira), ao que poden concorrer persoas de calquera procedencia, sempre que presenten obras orixinais e inéditas sobre temática galega.

### **Maior visibilidade para o público**

Outra das accións é a dixitalización do traballo das bandas populares mediante a creación dun espazo de xestión integral que permita levar a cabo diferentes comunicacións internas e externas. Esta plataforma será a canle idónea para todos os trámites federativos, formalizar inscricións en certames e festivais e obter informes e estatísticas, pero funcionará así mesmo como un espazo de libre acceso para o público xeral, onde obter información sobre a música bandística e desde o que contribuír a mellorar a visibilidade do traballo específico de cada formación e do labor xeral que realizan as bandas de música populares galegas no seu conxunto.

A Federación Galega de Bandas de Música Populares promove a cultura galega a través do fomento deste tipo de música e actúa como centro para o desenvolvemento



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

e administración de información, educación e divulgación das formacións que agrupa, así como para a organización de cursos, festivais, certames ou intercambios con entidades análogas. Posúe capacidade de dinamización cidadá e contribúe a dotar de contido á identidade galega, da que as bandas de música forman parte desde hai máis de 100 anos.

Dada a actual situación sociosanitaria, algúns dos principais encontros realizados nos últimos anos, tales como o Certame Galego de Bandas de Música ou o Festival de Bandas Infantís e Xuvenil, tiveron que ser suspendidos, o que está a condicionar a reprogramación de actividades e, ao tempo, a posibilitar accións de carácter máis estrutural. De feito, precisamente o pasado luns día 5 o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) da Consellería de Emprego e Igualdade publicou unha guía de recomendacións preventivas ante o coronavirus na actividade das bandas de música, como asesoramento técnico en continua actualización realizado a solicitude e en colaboración coa Federación.

O calendario de concertos que deseñará esta Federación complementará e enriquecerá a oferta cultural do Xacobeo 2021, sumándose aos actuais circuítos e redes que xa están en marcha ou que se activarán proximamente por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade: a Rede galega de teatros e auditorios, a Rede galega de música ao vivo, Cultura no Camiño ou Fest Galicia, entre outros.



## A XUNTA REFORZA A FORMACIÓN DIRIXIDA A DESEMPREGADOS CUN INVESTIMENTO DE 44,3M€ PARA CUALIFICAR A 16.600 PERSOAS A TRAVÉS DE MÁIS DE 1.100 CURSOS

- *O Goberno autonómico aumenta nun 23% o orzamento con respecto a última convocatoria destas axudas para poñer á disposición dos galegos e galegas unha formación de calidade co reto de incrementar as súas oportunidades laborais*
- *Como novidade neste programa inclúense como beneficiarios e colectivo prioritario da formación aos traballadores e traballadoras afectados por ERTE e se potenciarán as accións formativas dirixidas a persoas con discapacidade*
- *Adóptanse medidas flexibles, como o impulso da teleformación, para facilitar o desenvolvemento dos cursos nun escenario de pandemia*
- *Trátase dunha oferta formativa adaptada ás demandas do tecido empresarial e que permite acceder a certificados de profesionalidade con validez no Estado*
- *A estes apoios poden concorrer aquelas entidades que sexan titulares de centros de formación homologados pola Administración*

A Xunta vai investir preto de 44,3 millóns de euros, un 23% máis que na última convocatoria desta iniciativa, para poñer a disposición de 16.600 galegos e galegas en situación de desemprego unha formación de calidade a través de máis de 1.100 cursos, que permitirá incrementar as súas oportunidades laborais. Trátase dunha oferta deseñada pola Consellería de Emprego e Igualdade que está adaptada ás necesidades do tecido empresarial e ao novo contexto xerado pola COVID-19.

A estas axudas, que se publicarán no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) no mes de abril, poderán concorrer as entidades que sexan titulares de centros de formación acreditados e/ou inscritos para impartir formación profesional para o emprego no ámbito laboral naquelas especialidades formativas para as que se soliciten os apoios, xa sexa na modalidade presencial, de teleformación ou mixta. O obxectivo da iniciativa do Goberno galego é incrementar as oportunidades laborais dos galegos e galegas.

Esta convocatoria para os anos 2021/2022 inclúe algunhas novidades para adaptar a formación ao novo contexto xerado pola crise sanitaria. Así, adóptanse medidas flexibles para facilitar o desenvolvemento dos cursos nun escenario de pandemia como é o impulso da teleformación e a aula virtual para, por exemplo, os casos nos que o alumnado teña que estar confinado e responder, deste xeito, a causas sobrevidas como consecuencia da COVID-19.

Ademais, inclúese como beneficiarios e colectivo prioritario destes cursos a aquelas persoas traballadoras afectadas por Expedientes temporais de regulamento de emprego (ERTE), suspensións de contratos de traballo ou reducións de xornada por



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, ou derivadas de forza maior. Así mesmo, e, como novidade, potenciarase a realización de accións formativas dirixidas a persoas con discapacidade.

Os cursos van dirixidos prioritariamente a persoas desempregadas, aínda que se admitirá a participación de ata un 30% de persoas traballadores ocupadas, sempre e cando non se cubran as prazas ofertadas para desempregados. A formación que se impartirá permitirá seguir accedendo a certificados de profesionalidade con validez en todo o Estado e será acorde ás necesidades que está a demandar o tecido empresarial de Galicia.

Cómpre salientar ademais que un 50% do orzamento dos cursos para desempregados se destinará á formación en competencias clave, os sectores do metal, o naval, a automoción, as competencias dixitais e a construción. Ademais, priorizaranse os cursos relacionados coa Industria 4.0, as especialidades con maior demanda no mercado laboral ou maiores perspectivas de emprego.

Os alumnos e alumnas poden acceder a estes cursos a través das oficinas de emprego de Galicia ou da páxina web: <https://emprego.xunta.gal>. Continuarase, deste xeito, ofrecendo ao alumnado a posibilidade de elixir o curso, independentemente do lugar de residencia, e as entidades e centros adxudicatarios das axudas poderán elixir de forma directa aos participantes.

A formación para o emprego é unha prioridade para a Xunta de Galicia que destina este ano máis de 72 millóns de euros a diferentes programas -un 3,3% máis que en 2020- como son, entre outros, as unidades formativas na empresa ou a formación para ocupados. A convocatoria de axudas deste último programa saíu publicada no DOG recentemente cun orzamento total de 5.550.000 euros para os anos 2021 e 2022, o que permitirá a 5.000 traballadores optar a uns 500 cursos que se celebrarán ata o 30 de novembro de 2022. A Administración autonómica, ademais, conta con programas mixtos de formación e colocación como son os obradoiros e os programas integrados de emprego.



## **A XUNTA SEGUIRÁ A COLABORAR CO COLEXIO DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA ATENDER A 1.000 PERSOAS VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO**

- *O Consello autorizou hoxe a sinatura do convenio entre a Consellería de Emprego e Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención a mulleres e menores vítimas de violencia de xénero e os seus familiares*
- *Grazas a esta colaboración dispénsase tamén apoio a homes que desexan reconducir as súas actitudes violentas no ámbito familiar*
- *A Xunta inclúe no convenio a cobertura da asistencia domiciliaria urxente en caso de mortes ou agresións graves por causa de violencia de xénero*
- *Desde 2009 beneficiáronse destas actuacións 8.448 persoas: 5.208 mulleres, 1.849 menores, 285 persoas da contorna familiar das vítimas e 1.106 homes*

O Consello autorizou hoxe a sinatura do convenio entre a Xunta e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención especializada a 1.000 persoas vítimas da violencia de xénero en 2021. A colaboración, que conta cunha achega de 337.039 euros, diríxese por unha banda a mulleres e menores vítimas de violencia de xénero, así como a membros da súa contorna familiar e, por outra, a homes que teñen problemas de control das súas actitudes violentas.

Co financiamento destes programas, a Xunta apoia a recuperación das vítimas da violencia de xénero mediante o apoio psicolóxico ás mulleres e menores que a padecen, así como a outras persoas da contorna familiar afectadas.

Tamén prevé o apoio especializado psicolóxico, por medio do programa *Abramos o círculo*, aos homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar que adoptan actitudes inadecuadas nas relación coa súa parella, coa súa familia, e desexan adquirir novos modos de comportamento exentos de agresividade. Os participantes reciben recursos para resolver os conflitos sen recorrer á violencia.

No caso das mulleres e menores vítimas de violencia de xénero, a maiores inclúese no programa a cobertura da asistencia domiciliaria urxente en caso de morte ou agresións especialmente graves por violencia de xénero, sempre que sexa preciso, en coordinación co grupo de intervención psicolóxica en catástrofes e emerxencias (GIPCE) e coa colaboración do Centro autonómico de recuperación integral para mulleres que sofren violencia de xénero, no apoio terapéutico e psicolóxico das súas usuarias.

Cos 337.039 euros do convenio, estímase que se poidan beneficiar do programa en 2021 máis de 1.000 persoas.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Desde 2009 e ata o ano pasado, os convenios subscritos co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia permitiron chegar a 8.448 persoas beneficiarias: 5.208 mulleres, 1.849 menores, 285 membros da contorna familiar das vítimas e 1.106 homes, que participaron no programa *Abramos o círculo*.

Con medidas como esta, a Xunta intenta mellorar a resposta que desde as institucións, se proporciona ás vítimas da violencia de xénero, coa finalidade de ofertarlles recursos terapéuticos que lles axuden a afrontar a situación e contribúan a reforzar a súa autoestima. A atención psicolóxica, neste sentido, resulta fundamental para a recuperación e adquisición de habilidades que lles permitan a estas persoas lograr a autonomía e a integración na vida social e laboral e rachar coa situación de violencia.



## O SERGAS DESTINA MÁIS DE 5,8 MILLÓNS DE EUROS A PROGRAMAS DE ASISTENCIA A PACIENTES CON TRASTORNOS ADICTIVOS

- *Durante o pasado ano, estes programas beneficiaron a preto de 13.000 pacientes*

O Consello da Xunta vén de autorizar os convenios de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e diferentes asociacións sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de programas de asistencia a pacientes con trastornos adictivos, por un importe de 5.810.472 euros. Durante o pasado ano 2020, foron atendidas, ao abeiro destes convenios, preto de 13.000 persoas.

No desenvolvemento destes programas, as asociacións atenderán toda a demanda xerada, respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade na súa respectiva área de influencia. En definitiva, realizarán a atención integral aos pacientes con trastornos adictivos e ás súas familias atendendo a criterios, guías e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde. Estas colaboracións destacan a particular importancia e interese público do establecemento de actuacións conxuntas en materia de asistencia aos trastornos adictivos en Galicia, para acadar o tratamento, a incorporación social e a recuperación destes pacientes.

As entidades realizarán os programas previstos, entre as que atopan, como medidas, a mellora na atención a persoas que padecen simultaneamente un trastorno adictivo e outro trastorno mental (patoloxía dual) e a atención de terceiro nivel (en réxime residencial) que se presta na comunidade terapéutica. Asemade, tamén se prevé a mellora na coordinación cos dispositivos da rede de saúde mental e atención primaria e a atención a novas condutas de atención clínica.

### Entidades destinatarias

En concreto, as entidades destinatarias das axudas son a Asociación Cidadá de Loita contra a Droga Aclad, que recibe 1.675.458 euros; a Asociación Ferrolá de Drogodependencias (Asfredo), con 928.435 euros; a Asociación Cidadá de Loita contra a Droga Alborada de Vigo, con 1.491.986; a Cruz Vermella de Lugo, con 617.400; e a Fundación Monte do Gozo, con 946.589 euros.

Os programas teñen en conta os aspectos necesarios para dar resposta ás necesidades dos colectivos máis vulnerables, atendendo á perspectiva de xénero, ás necesidades específicas das mulleres que padecen este tipo de patoloxías, e darase unha resposta máis completa ás necesidades das persoas que padecen patoloxía dual.

Na actualidade, as adiccións son consideradas como unha enfermidade que require un tratamento multidisciplinar e personalizado. Ante calquera problema relacionado coas



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

adiccións aconséllase acudir a un centro de tratamento específico directamente, ou ben solicitar axuda aos profesionais de atención primaria que avaliarán cada caso e derivarán ao centro que proceda.

A rede galega está constituída por 17 unidades asistenciais de drogodependencias, 5 comunidades terapéuticas e 10 unidades de día.

As complexas situacións e circunstancias derivadas das adiccións, necesitan de instrumentos de asesoramento e orientación técnica e profesional por un equipo multidisciplinar e experto na materia, para prestar cobertura en todas as situacións persoais, sociais e xudiciais nas que se vexan involucrados, optimizando a canalización do usuario ao recurso da rede asistencial máis adecuado. Con tal finalidade, a Xunta de Galicia apoia o desenvolvemento de programas de información e orientación socio-xurídico en condutas aditivas por diversas entidades sen ánimo de lucro.

O desenvolto pola entidade Érguete facilita a atención integral ás persoas con condutas aditivas e problemas legais, proporcionando cobertura de apoio e documental ao ámbito xudicial. Así mesmo, ditos programas actúan como porta de entrada nos recursos clínico-asistenciais. O Servizo Galego de Saúde contribúe ao financiamento das actividades comprendidas no obxecto do convenio coa Asociación Érguete cunha subvención directa ascende a 150.604 euros, e que tamén foi hoxe aprobado polo Consello da Xunta.



## A XUNTA DE GALICIA INVISTE 8,2 MILLÓNS DE EUROS PARA MELLORAR A ATENCIÓN Á DISCAPACIDADE DE 13 ENTIDADES SOCIAIS

- *Garante o servizo que ofrecen estas organizacións a 51.700 persoas e as súas familias por toda a comunidade*
- *Todas elas contarán cun anticipo do 80% do importe da axuda, para que xa desde o primeiro momento conten coa liquidez suficiente para realizar o seu labor*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura de 13 convenios con outras tantas entidades de atención á discapacidade física e intelectual ás cales se lles destina un importe de máis de 8,2 millóns de euros, isto é, case o dobre do que se lles achegou hai dous anos, que recibiron 4,2 millóns de euros.

De igual forma que en 2020, todas elas contarán cun anticipo do 80% do importe da subvención, para que xa desde o primeiro momento conten coa liquidez suficiente para seguir realizando o seu labor.

Entre as entidades que recibirán esta achega autonómica están as seguintes federacións: a de persoas xordas (Faxpg), a que integran as asociacións a favor das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento (Fademga-Plena Inclusión), as que se ocupan da atención á persoas con enfermidades mentais (Feafes), con doenzas raras e crónicas (Fegerec), con Alzheimer (Fagal), con dano cerebral (Fegadace) e con parálise cerebral e patoloxías afíns (Aspace).

Tamén se beneficiarán destas subvencións as organizacións Special Olympics, a Asociación Galega de Atención Temperá (Agat), Down Galicia, Autismo Galicia, a Asociación de Parapléxicos e de Grandes Minusválidos de Galicia (Aspaym) e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami).

A través dos convenios hoxe autorizados, a Xunta garante a continuidade do servizo que estas entidades prestan a 51.700 persoas e ás súas familias por toda a xeografía galega, un 18% máis que o ano pasado.

Galicia destina nos orzamentos para este ano unha partida de 126 millóns de euros a este eido, un 93% máis que o que se investía hai once anos. Grazas a este importe na actualidade xa se superan as 5.400 prazas públicas de atención á discapacidade, un 25% máis que en 2009.



## A XUNTA ACHEGA 600.000 EUROS AOS CONSELLOS REGULADORES DE PRODUTOS DE CALIDADE DE GALICIA PARA APOIAR O SEU FUNCIONAMENTO

- *O Consello do Goberno galego aprobou hoxe a repartición de axudas para 25 entidades que xestionan as indicacións xeográficas e denominacións de orixe protexidas da nosa comunidade*
- *O sector agroalimentario dos produtos de calidade supón unha facturación anual duns 500 millóns de euros*

O Goberno galego autorizou hoxe as axudas para gastos de funcionamento dos consellos reguladores (CCRR) que cada ano achega a Consellería do Medio Rural para contribuír ao seu traballo diario. Neste exercicio, o orzamento mantense en relación ao pasado ano en 600.000 euros, que se distribuirán entre 25 entidades segundo criterios de repartición obxectivos.

En particular, tivéronse en conta, como todos os anos, aspectos relacionados coa dispersión da área xeográfica da denominación, o peso dos ingresos propios respecto dos gastos totais e o peso dos custos de persoal fronte ao total. Así, estas 25 entidades recibirán entre 12.000 e 34.000 euros cada unha para cubrir todo tipo de gastos de carácter corrente vinculado coa súa actividade e facilitar o seu labor ao longo de todo o ano.

Entre os gastos subvencionables están os custos de persoal, incluídas as cotizacións á Seguridade Social e as retencións do IRPF, e bens correntes e de servizos relacionados coa actividade normal dos consellos reguladores. Así, financiaranse cuestións coma o alugueiro de locais, bens funxibles, electricidade, telefonía, auga, gas, envíos e mensaxería, pólizas de seguros, gastos de desprazamento, manutención, aloxamento, etc.

A través destas axudas, a Xunta contribúe ao desenvolvemento das funcións destas entidades, claves no fomento e promoción da súa produción e no control dos alimentos de calidade. As subvencións son de especial relevancia para aqueles consellos reguladores cunha facturación global máis pequena e para os de recente creación, xa que son os que teñen maiores dificultades de autofinanciamento.

O sector agroalimentario dos produtos de calidade supón unha facturación anual duns 500 millóns de euros polo que ten unha gran importancia, tanto desde o punto de vista económico como social.





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Por iso, a Xunta apoia e fomenta estas producións, tanto polo seu papel como referentes dentro do eido agroalimentario galego como polo seu potencial dinamizador socioeconómico para o medio rural. Considérase fundamental para a economía galega e, polo tanto, para os cidadáns, manter e intensificar a asociación Galicia/alimentos de calidade que existe nos consumidores do mercado español, polo efecto que ten no conxunto da economía galega, tanto directo como inducido, na medida en que se dá valor á marca" Galicia, o que repercute en beneficio de todos os cidadáns.

Nesta liña, a Xunta potenciará e reforzará a marca *Galicia Calidade* como un selo que englobe, identifique e mellore o posicionamento dos produtos do sector primario. Así, este indicativo amparará os produtos con denominación de orixe e indicación xeográfica protexida, entre outros.



## A XUNTA IMPULSA A MODERNIZACIÓN E A INNOVACIÓN NA INDUSTRIA FORESTAL GALEGA CON APOIOS QUE MOBILIZARÁN PRETO DE 40M€

- *A Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación poñerá en marcha tres convocatorias de axudas por 13,8M€ que beneficiarán á primeira e a segunda transformación da madeira, ademais do contract, e que incidirán tamén na formación dos profesionais deste sector*
- *Espérase apoiar os investimentos de máis de 165 pemes e microempresas, ademais de colaborar con 10 asociacións para a formación de máis de 1500 persoas*
- *Primarase ás empresas nas que máis do 70% do cadro de persoal é fixo, así como aquelas que contan con mulleres xerentes*
- *Estas axudas contribuirán á consolidación das pemes que conforman este sector industrial, o que lles permitirá gañar en competitividade e apostar por procesos de produción con menor impacto ambiental*

A Xunta, a través da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, pon en marcha axudas por máis de 13,8 millóns de euros coas que se mobilizarán preto de 40 millóns na modernización e innovación da industria forestal, potenciando tamén a formación dos profesionais do sector.

O obxectivo conxunto destas axudas, avaliadas hoxe no Consello da Xunta e que se publicarán nas próximas semanas, é facilitar e impulsar a realización de investimentos de mellora dos procesos de primeira e segunda transformación e do contract, beneficiando ao conxunto da industria forestal galega, así como fomentar a formación destinada á mellora da cualificación dos traballadores. En total espérase que se beneficien máis de 165 empresas, 10 asociacións e máis de 1500 profesionais.

Así, a Axencia Galega da Industria Forestal (Xera) activará, por unha banda, unha orde de axudas por 11,3 millóns de euros, 877.000 euros máis que o ano pasado, para apoiar os investimentos en tecnoloxías forestais, procesado, mobilización e comercialización de produtos forestais, cofinanciada con fondos Feader. Poderán beneficiarse microempresas e pemes do sector forestal radicadas en zonas rurais de Galicia. Entre os investimentos subvencionables atópanse os dirixidos aos traballos de mobilización e primeira transformación da madeira, incluíndo plans e ferramentas de mellora de xestión empresarial e a implantación e certificación da cadea de custodia. As axudas alcanzarán o 40% dos investimentos subvencionables, cun límite de 150.000 euros por beneficiario.

Tamén se poñerá en marcha unha liña de axudas para actuacións de valorización, potenciación, innovación e mellora das pequenas e medianas empresas da industria forestal de Galicia, e das liñas da segunda transformación e do contract, dotada con 2 millóns de euros. Poderán optar a estes apoios as microempresas, pequenas e



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

medianas empresas do sector forestal, segunda transformación e do contract radicadas en Galicia para a realización de investimentos que teñan como obxectivo aumentar a produtividade ou a implantación de técnicas que permitan obter novos produtos ou produtos valorizados. Tamén para a posta en marcha de procesos que favorezan a minoración do impacto ambiental, dirixido especificamente aos procesos produtivos da segunda transformación da madeira. A porcentaxe de axudas será do 50% dos investimentos realizados, ata un máximo de 200.000 euros por beneficiario.

Ademais, tamén se lanzará a convocatoria de apoios por 500.000 euros para a realización de accións formativas non regradas por parte de asociacións sen ánimo de lucro representativas da cadea de valor forestal, os colexios profesionais e as fundacións de interese xeral con relación directa con este eido. As axudas comprenden os custos da formación, ata un máximo de 120.000 euros por asociación adxudicataria.

Os criterios de avaliación para as dúas convocatorias destinadas a realizar investimentos en empresas son similares, incluíndo entre eles cláusulas sociais. Así, darase puntuación adicional nos supostos de mulleres xerentes, e reciben tamén máis puntuación as empresas nas que máis do 70% do cadro de persoal é fixo. No tocante á convocatoria para a realización de cursos de formación, valórase en función de que a temática formativa estea en liña coa estratexia de formación da industria forestal, do impacto previsto e do número de accións formativas contempladas.

Estas axudas contribuirán á consolidación das pemes que conforman este sector industrial, o que lles permitirá ser máis competitivas e apostar por procesos de produción con menor impacto ambiental, o que á súa vez contribuirá á xeración no eido rural tanto de valor económico como de emprego especializado e de calidade, fomentando a fixación de poboación. Enmárcanse na Axenda da industria forestal, unha folla de ruta deseñada conxuntamente cos principais axentes para potenciar o sector e impulsar a bioeconomía como motor de competitividade.



## **A XUNTA AXUDARÁ A 1000 PEMES E AUTÓNOMOS DO COMERCIO, HOSTALERÍA E ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO A MELLORAR AS SÚAS INSTALACIÓNS ENERXÉTICAS**

- *No marco do Plan de axudas ao sector comercial galego, o Goberno autonómico aproba o novo Bono Enerxía Peme e Comercio, que conta cun orzamento de 3M€ para os sectores máis afectados polas restricións derivadas da pandemia*
- *As axudas, cunha intensidade do 80%, serán de ata 6000 euros por centro de traballo e o prazo de solicitude comeza o 14 de abril*
- *Os apoios favorecerán a mobilización directa de 5M€, así como unha redución do consumo de 3000 MWh/ano e de 300.000 euros na factura enerxética, ademais da creación ou mantemento de ao redor de 70 empregos*
- *O programa da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación permitirá a mellora de envolventes, da iluminación e das instalacións eléctricas, a renovación de equipos, a climatización e a presenza de sistemas domóticos e inmóticos para optimizar a xestión enerxética de pemes e autónomos*
- *Esta nova medida para a reactivación económica súmase a iniciativas para incentivar o consumo, como o Bono Activa Comercio, con descontos de 30 euros para os clientes, e o programa Renove Electrodomésticos*

A Xunta de Galicia activará o Bono Enerxía Peme e Comercio, unha nova medida enmarcada no Plan de axudas do comercio galego que ten como obxectivo axudar a pemes e autónomos dos sectores máis afectados polas restricións derivadas da pandemia, entre os que se encontra o comercio, a hostalería, así como as actividades artísticas, recreativas e de entretemento. Trátase de mellorar as súas instalacións enerxéticas con apoios que suman un total de 3 millóns de euros.

Esta nova liña de axudas, coa que se prevé chegar a 1000 pemes e autónomos, permitirá mobilizar ao redor de 5M€, aforrar 300.000 euros ao ano na factura enerxética destas empresas e negocios, unha redución do consumo enerxético de 3000MWh/ano –o impacto equivalente na redución de CO2 de plantar 45.000 árbores–, así como crear ou manter ao redor de 70 postos de traballo.

Os apoios, que serán de concorrencia non competitiva, terán unha intensidade do 80% ata un máximo de 6000 euros por centro de traballo. Ademais, os beneficiarios poderán solicitar anticipos de ata o 50% sen necesidade de presentar avais.

As axudas poden destinarse á mellora da envolvente a través de toldos ou láminas de control solar ou térmico; á renovación dos equipos de iluminación interior ou exterior; á mellora das instalacións eléctricas; á renovación do equipamento consumidor de enerxía como cafeteiras, lavalouzas, lavadoras ou secadoras, entre outros; así como equipos para a redución do consumo enerxético nas instalacións de climatización,

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

ventilación e auga quente sanitaria. Tamén se poderá utilizar para sistemas domóticos e inmóticos que permitan xestionar a enerxía e o gasto de xeito máis eficiente.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto entre o 14 de abril e o 30 de xuño, ou ata que se esgote o crédito, mentres que as actuacións poderán terse executado desde o pasado 1 de xaneiro e ata o vindeiro 30 de setembro.

Con esta nova medida, o Goberno galego busca diminuír o consumo de enerxía, aumentando a eficiencia enerxética e promovendo a introdución da mellor tecnoloxía dispoñible, así como reducir a factura de enerxía das pemes e autónomos, aumentando a súa competitividade.

Avánzase, á súa vez, na promoción dun cambio cultural que busca a progresiva descarbonización da economía, ao mesmo tempo que se utiliza o aforro enerxético como panca para impulsar a economía e xerar emprego, diminuíndo a dependencia enerxética dos combustibles fósiles. Ademais, as novas instalacións contribuirán a unha maior seguridade eléctrica e sanitaria.

O programa enmárcase no Plan de axudas ao comercio galego, sumándose así aos Bonos Activa Comercio, unha medida coa que se prevé beneficiar a 330.000 clientes a través de bonos desconto de 30 euros cos que se mobilizarán máis de 55M€ en vendas nos establecementos de proximidade; e ao programa Renove Electrodomésticos co que se agarda mobilizar 10,5M€ e chegar a 20.000 fogares. Estas iniciativas teñen como obxectivo incentivar o consumo favorecendo, deste xeito, a súa recuperación. De feito, entre estas tres iniciativas, a mobilización prevista poderá superar os 70M€.



## A XUNTA DEDICA MÁIS DE 9 MILLÓNS DE EUROS PARA AFRONTAR A COVID-19 NOS CENTROS SANITARIOS GALEGOS

- *Nesta ocasión o orzamento repártese entre as áreas sanitarias da Coruña e Cee, Santiago-Barbanza e Ferrol e está destinado a adquisición de material, contratación de servizos e a realización de pequenas obras*
- *Este investimento xustifícanse dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da COVID-19 que elaborou no seu día o comité de expertos*

O Consello da Xunta ven de autorizar hoxe a tramitación de emerxencia de tres expedientes de contratación, por valor total de 9.152.409 euros, para subministrar material fronte á COVID-19 en tres áreas sanitarias. Unha parte destes orzamentos destínase á realización de determinados traballos de mantemento e outros servizos nos centros sanitarios galegos.

O maior dos importes, 3.400.502 euros, corresponde a un expediente da Área Sanitaria de Santiago-Barbanza no que se recolle a adquisición de material sanitario por un valor de máis de 1'4 millóns de euros, e tamén unha partida que supera os 1'5 millóns para mercar material de laboratorio, ademais de diferentes produtos farmacéuticos para o tratamento da enfermidade.

No referido ao segundo dos expedientes, o orzamento ascende a 3.136.347 euros destinados á Área sanitaria da Coruña e Cee. Desta cantidade, 919.337 euros destínanse a equipamento de protección individual e material para tratar a enfermidades, destacando a adquisición de luvas por valor de 475.274 euros, a compra de batas cirúrxicas e protectoras por un importe de 231.268 euros, ademais de máscaras, luvas, pixamas, desinfectantes etc. Ademais, este orzamento tamén recolle unha partida de 2.217.010 euros para a compra de material de diagnóstico, en que destaca a adquisición de kits de detección covid-19.

O terceiro dos expedientes aprobados hoxe, posúe un valor total de 2.615.560 euros e atinxe á Área Sanitaria de Ferrol. Desta cantidade, 751.702 euros destínanse a adquisición de material sanitario e 1.664.305 euros á compra de material de laboratorio. O resto do orzamento está dirixido á realización de tarefas de mantemento do equipamento, o reforzo dos servizos de limpeza e pequenas obras, fundamentalmente.

A adquisición de todo este material e da contratación de obras e servizos detalladas, xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da covid-19 que elaborou no seu día o Comité de expertos no seguimento do coronavirus, e que prevé, entre outras medidas, a necesidade de facer provisión de materiais e recursos necesarios no caso de posibles rebrotes. O comité de expertos está formado pola



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade e a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, representantes das áreas sanitarias e representantes médicos especialistas en enfermidades infecciosas e de urxencias hospitalarias.



UNIÃO EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



## **GALICIA AVANZA NA TRAMITACIÓN DAS DRAGAXES DUNHA TRINTENA DE PEIRAOS AO CONTRATAR A REDACCIÓN DOS SEUS ESTUDOS PREVIOS**

- *Portos de Galicia vén de contratar este servizo por importe de 1,3 millóns de euros e cunha duración de dous anos prorrogables ata tres*
- *Isto tradúcese nunha maior axilidade na tramitación administrativa destes procedementos, que adoitan ser complexos, de cara á súa futura contratación*
- *O ente dependente da Consellería do Mar ten comprometidos máis de 12 millóns de euros en distintas actuacións relacionadas coa dragaxe de portos autonómicos*

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, vén de asinar o contrato para a execución do servizo de redacción de estudos previos ambientais e técnicos para obras de dragaxe en máis dunha trintena de peiraos de titularidade autonómica. O Consello da Xunta analizou hoxe un informe que recolle a contratación deste servizo por dous anos, prorrogables ata tres, por un importe inicial de 1,3 millóns de euros, o que permitirá avanzar e axilizar a tramitación destas actuacións no momento en que sexa posible poñelas en marcha.

Esta contratación pretende dar resposta á problemática recorrente da complexidade na tramitación previa das obras de dragaxe pois acostuma a dilatarse no tempo en grande medida e, en moitos casos, durante anos. Os estudos contratados neste servizo permitirán ter completada a tramitación previa para poder proceder á contratación das obras no momento en que se considere oportuno e viable tanto técnica como economicamente.

Os portos para os que se realizarán os estudos serán os de Ares, Barallobre, Burela, Cariño, Cedeira, Espasante, Foz, O Barqueiro, Ortigueira, Ribadeo, A Pobra do Caramiñal, Camariñas, Camelle, Corcubión, Escarabote, Fisterra, Malpica, Miño, Palmeira, Pontedeume, Portosín, Rianxo, Sada, Testal, Aguete, Arcade, Cesantes, Meloxo, Pontevedra, Santo Tomé e Tragove. Esta relación pode ser ampliada segundo as necesidades posteriores.

Xunto coas 31 actuacións previstas neste contrato, o ente público vén de tramitar tamén nos últimos meses un total de oito actuacións máis de dragaxe por importe de 5,5 millóns de euros. Ademais, nestes momentos están xa en tramitación previa as propostas de dragaxe das dársenas comerciais dos portos de Ribadeo e Cariño, cun orzamento estimado de 5,5 millóns, co que o ente dependente da Consellería do Mar ten comprometido un orzamento de máis de 12 millóns de euros en distintas actuacións relacionadas coas dragaxes dos portos autonómicos.

Estes trámites mostran o compromiso de Portos de Galicia co avance na busca dun mecanismo áxil e eficiente para atallar unha problemática inherente á dinámica litoral





**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

e que supón un dos principais escollos da operativa portuaria. Con eles aspírase a lograr unha maior axilidade na tramitación dos traballos unha vez que poidan levarse a cabo.

